



A ELECCIÓN DE OPCIONS ACADÉMICAS NO BACHARELATO E NA FORMACIÓN PROFESIONAL DESDE UNHA PERSPECTIVA DE XÉNERO

María José MÉNDEZ LOIS

María Josefa MOSTEIRO GARCÍA

Facultade de Ciencias da Educación.

Departamento de Métodos e Técnicas de Investigación

en Ciencias do Comportamento e da Educación.

Universidade de Santiago de Compostela

RESUMO

O traballo que presentamos pódese incluír dentro dos estudos sobre a educación dos xéneros xa que, o seu propósito, é analizar as diferenzas académicas entre mozos e mozas cunha finalidade de recoñecemento que nos axude a entender as súas eleccións académico-profesionais.

As cuestións que plantexamos e que tentamos analizar son dúas, en primeiro lugar comprobar se hai diferenzas nas opcións académicas elixidas nas ensinanzas medias para mozos e mozas da Comunidade Autónoma Galega; e en segundo lugar, ver se as opcións elixidas se identifican cos roles tradicionais atribuídos ó xénero.

O traballo consta de dúas partes, unha parte teórica na que definimos os distintos constructos do estudo e na que analizamos a

opcionalidade desde unha vertente de xénero e, unha parte descritiva a partir dos datos que proporciona a Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

LIMIAR

Calquera sistema educativo que pretenda ser innovador debe incluír entre os seus principios a *igualdade de oportunidades*, non só formal senón real; a *educación permanente* que garanta esa igualdade; a *autoxestión dos estudos* que conceda unha maior liberdade de opcións ós/ás estudantes, sobre todo a partir do ensino secundario, para que poidan decidir que estudar e o seu ritmo de progreso na carreira, e a *ensinanza coeducativa* para suprimir toda discriminación por razón de sexo¹. O noso traballo tamén parte destas premisas e podemos incluílo dentro dos estudos sobre a educación dos xéneros xa que, o noso

¹ Así o recolle Henri James, da Universidade Libre de Bruselas e Presidente do Comité Científico do "Plan 2000", impulsado pola Comunidade Europea da Cultura

propósito, é analizar as diferencias académicas entre mozos e mozas cunha finalidade de recoñecemento que nos axude a entender as súas eleccións.

As cuestións que plantexamos neste traballo e que tentamos analizar son dúas:

- a) Comprobar se difiren as opcións académicas elixidas nas ensinanzas medias para mozos e mozas da Comunidade Autónoma Galega.
- b) Analizar se se identifican as opcións elixidas por mozos e mozas galegos/as cos roles tradicionais atribuídos ó seu xénero.

O nivel de estudos seleccionado para a análise que presentamos é a ensinanza media pois consideramos que nela é onde o sistema educativo ofrece maior grado de opcionalidade.

ELECCIÓN ACADÉMICO-PROFESIONAL E XÉNERO. APROXIMACIÓN CONCEPTUAL

A elección académica é un proceso complexo que merece ser observado xa que reflicta a cristalización das expectativas sociais diferenciadas polo xénero e, así mesmo, pon de manifesto a falla de horizonte profesional que padecen as mulleres, como recen chegadas ós campos estudiantís e profesionais, e a súa orfandade de modelos en ditos campos.

Para abordar a problemática da elección académica desde unha perspectiva de xénero é preciso definir como se entende este controvertido constructo; ofrecemos a continuación algunhas definicións que nos aproximan ó mesmo.

Jayne e Sau (1996) indican que o término xénero designa un conxunto de cousas ou seres que teñen caracteres esenciais comúns.

No caso dos seres vivos o xénero clasifícaaos en dous grupos, masculino versus feminino, atendendo a certas características propias de cada un. Fernández (1996) afirma que neste momento non existe unha definición clara e consensuada do término inda que cando se emprega esta expresión estase facendo referencia, clasicamente, a aquelas características consideradas socialmente como apropiadas para as mulleres e para os varóns dentro dunha sociedade determinada, posúe polo tanto un carácter marcadamente sociolóxico e serve para designar un esquema utilizado para a categorización social dos individuos (Sherif, 1982; Moya, 1985). Similar e a definición ofrecida con anterioridade por Subirats e Brullet (1989) que o entenden como “o conxunto de normas diferenciadas para cada sexo que cada sociedade elabora segundo as súas necesidades e que son impostas ós individuos a partir do nacemento como pautas que deben guiar os seus comportamentos, desexos e accións de todo tipo” (p.29).

Caselles (1991), polo súa banda, afirma que se designa por “xénero” o que cada sociedade tende a atribuir a cada un dos sexos, e dicir, o que como construción social se considera como masculino ou feminino, diferenciado ó mesmo tempo por variables como a clase social, a relixión, a raza, o momento histórico, etc; non constituíndo un regulamento de verdades universais senón designando expectativas de comportamento social para cada sexo segundo época e lugar; e que sen ser nunca totalmente estables vanse modificando en relación a outros cambios sociais.

Relacionado estreitamente con este constructo atópase o término rol ou “papel social” que se entende como o conxunto de tarefas e funcións derivadas da situación ou status de cada persoa no grupo social ó que pertence. Os roles tradicionais femininos derivan das funcións relativas á maternidade (coidado e protección dos fillos/as; mantemento da casa; atención dos aspectos afectivos e familiares e ser o complemento do home), os masculinos

derivaron cara ó mantemento económico familiar e ás relacións profesionais e extrafamiliares.

Espín e outros (1996) ofrecen unha clasificación distinta dos roles masculinos e femininos en función do que a sociedade entende como propio de homes ou de mulleres:

- a) Roles sociais: As actividades de preocupación e coidado aparecen ligadas ó sexo feminino, as deportivas ó masculino.
- b) Roles políticos: Os postos de mando, xestión e poder aparecen ligados ó sexo masculino.
- c) Roles familiares: As actividades domésticas e culinarias e as referidas ó coidado e educación dos fillos/as aparecen ligadas ó sexo feminino mentres a autoridade e as actividades de estudo vincúlanse co sexo masculino.
- d) Roles profesionais: As actividades de investigación, as técnicas e as de responsabilidade social aparecen ligadas o sexo masculino.

En síntese podemos afirmar que as/os adolescentes ó efectuar as súas eleccións académico-profesionais se ven condicionados polo que a sociedade na que viven espera deles como mulleres ou como homes vivindo, desde a súa infancia, inmersos nunha cultura que diferencia claramente o papel social a desempeñar por cada xénero.

A OPCIONALIDADE NAS ENSINANZAS MEDIAS

Un modo básico de atención á diversidade resaltado pola Lei Orgánica Xeral do Sistema Educativo (LOXSE) é a oferta de opcionalidade. En tódolos niveis educativos que configuran as ensinanzas medias, tanto nos que

aínda perviven da estrutura da Lei Xeral de Educación (1970) como os de novo establecemento a raíz da Lei Orgánica Xeral do Sistema Educativo (1990), encontramos algún grao de opcionalidade.

O Bacharelato Unificado Polivalente (BUP) ofrece ó alumnado a posibilidade de optar no terceiro curso entre dúas opcións. A opción A está formada polas seguintes materias: Literatura, Latín, Grego e Matemáticas, e a opción B por Ciencias Naturais, Física e Química, Literatura e Matemáticas. Os alumnos/as escollerán unha das dúas opcións e cursarán tres materias optativas das catro da opción elixida.

O curso de Orientación Universitaria (COU) estrutúrase en catro opcións: a) Científico-Tecnolóxica, b) Biosanitaria, c) Ciencias Sociais e d) Humanístico-Lingüística. Nas opcións a), b) e c) o alumno/a cursará as dúas materias obrigatorias e elixirá dúas das optativas. Na opción d) o alumno/a cursará “Historia do mundo contemporáneo” e elixirá outra entre “Literatura galega” e “Literatura española”. Así mesmo, elixirá dúas materias optativas, que non poderán coincidir coa que cursen como obrigatoria.

No Bacharelato implantado a raíz da Lei Orgánica Xeral do Sistema Educativo (LOXSE) os alumnos/as poderán escoller entre catro opcións ou modalidades diferentes: a) Ciencias da Natureza e da Saúde, b) Humanidades e Ciencias Sociais, c) Tecnoloxía e d) Artes.

Por último a Formación Profesional de Primeiro Grado tradicional e os ciclos formativos de Formación Profesional derivados da LOXSE tamén ofertan ó alumnado opcións diversas. No primeiro caso os estudos de Formación Profesional concéntranse en 16 ramas profesionais (Administrativo-Comercial, Agraria, Artes Gráficas, Automoción, Construcción e Obras,

Delineación, Electricidade e Electrónica, Hostelería Téxtil e Turismo, Madeira, Marítimo-Pesqueira, Metal, Moda e Confección, Perruquería e Estética, Química, Sanitaria e Servicios a Comunidade) que, a súa vez, dan lugar a unha ou varias profesións. No segundo caso, as opcións estrutúranse en ciclos formativos diversos que dependen de 21 familias profesionais (Actividades e Mercadotecnia; Comunicación, Imaxe e Son; Edificación e Obra Civil; Electricidade e Electrónica; Fabricación Mecánica; Hostalería e Turismo; Imaxe Persoal; Industrias Alimentarias; Informática; Madeira e Moble; Mantemento de Vehículos Autopropulsados, Mantemento e Servicios á Produción; Química; Textil, Confección e Pel; Servicios Socioculturais e á Comunidade; Sanidade e Vidro e Cerámica).

ANÁLISE DA OPCIONALIDADE DESDE A VARIABLE XÉNERO

Ó introducir o xénero como categoría de análise, prodúcese un cambio epistemolóxico que recolle unha visión inclusiva da experiencia humana na súa totalidade, entendida esta como o conxunto da experiencia feminina e a masculina. García Hoz e outros (1978, p. 12) afirman refiríndose ás principais diferenzas educativas en función do sexo que "... se encontra unha tendencia a acomodarse ós estereotipos sociais... Ata fai poucos anos apreciábase claramente a tendencia da muller ás profesións de relación humana, interpersonal -enfermería, asistente social- ou ós niveis máis baixos do ensino, e o home ás técnicas e ós niveis do ensino medio e universitario". Inda que estes autores expoñen o seu punto de vista na década dos setenta, e hoxe a situación vai evolucionando cara a formas máis paritarias, a incidencia dunhas expectativas familiares diferenciadas, máis acentuadas nos ambientes rurais, inda se deixan sentir. Todo isto pon de manifesto que os estereotipos sociais inmersos no educativo modelan artificialmente tanto a personalidade como os inte-

reses, expectativas e aspiracións dos suxeitos polo feito de pertencer a un ou a outro xénero.

As diferenzas que presentan homes e mulleres ante as opcións académicas e, posteriormente, ante as opcións profesionais son un reflexo de construcións sociais que definen o que é masculino e o que é feminino (Arbe, 1997). A elección académico-profesional e as aspiracións académicas dos adolescentes parecen estar, polo tanto, condicionadas de forma importante polos estereotipos de xénero existentes na nosa sociedade. Bridges (1988) sinala que mozas e mozos teñen maiores expectativas de éxito fronte a direntes tarefas e ocupacións cando estas se presentan ou se perciben como máis apropiadas para o seu propio sexo.

Lips (1993) afirma que boa parte dos/as adolescentes seguen elixindo profesións tradicionais asignadas ó seu xénero, e mentres os mozos asumen que algún día traballarán para poder formar e manter unha familia, as mozas, con maior frecuencia, asumen que unha posible ocupación será algo secundario as súas responsabilidades familiares e domésticas. Stickel e Bonett (1991) aportan, co seu traballo sobre autoeficacia profesional para saber combinar a profesión cos deberes domésticos, un matiz a este aspecto xa que na súa investigación as mulleres cren ser máis eficaces cos homes para combinar profesións tradicionais coa familia e o fogar pero, ó mesmo tempo, cren ter máis dificultades en profesións non tradicionais porque dubidan da súa propia habilidade para desenvolverlas e das súas habilidades para poder combinar os requisitos que delas se derivan coas responsabilidades domésticas. Isto indica que a elección de ocupación tampouco parece escapar ás fortes presións sociais.

En relación coas eleccións non tradicionais Sutherland (1984) sinala que cando as mozas elixen programas non tradicionais, en xeral teñen pais con niveis educativos e ocu-

pacionais superiores que as que elixen programas tradicionais. Ademais, das fillas, a maior ou no seu caso a filla única, tende a plantexarse obxectivos educativos máis ambiciosos e estas soen percibir tamén que a súa familia e os seus profesores teñen expectativas máis altas para elas. Haring e Beyard-Tyler (1984) citan tres barreiras para as eleccións non tradicionais: a socialización do rol ligado ó sexo, a baixa autoestima -sobre todo en matemáticas e habilidades científicas²- e as actitudes da muller e dos seus iguais cara ás eleccións tradicionais.

As expectativas profesionais que mozos e mozas teñen en función do seu sexo, aínda que menos obxectivables inflúen indubablemente nas eleccións (Coscojuela e outros, 1992, pp. 221). Así, ante a pregunta concreta sobre que dúas materias escollerían os alumnos/as de catro ofrecidas (electricidade, basquet, mecanografía e deseño de moda) os autores concluíron que cando os mozos elixen mecanografía expoñen razóns de utilidade como por exemplo que lles será necesaria para coñecer o teclado do ordenador. As mozas ó contrario, ven na mecanografía unha opción determinante no seu futuro profesional o que demostra que xa teñen unha determinada expectativa ó respecto.

Tamén se producen distintas expectativas nos alumnos e nas alumnas en función da orixe do centro no que realizan o primeiro ciclo de estudos. No traballo de Coscojuela (1992) apúntanse, sobre este feito, os seguintes datos: nun centro de estudos, anteriormente Instituto de Formación Profesional o alumnado escolle un 50% Bacharelato e os restantes Módulos profesionais, noutro centro un Instituto de Educación Secundaria, máis do 90% do alumnado escolle Bacharelato, destacando ademais a inclinación das mozas, nun alto porcentaxe polo Bacharelato de Ciencias.

Incluso cando se logra o acceso en pe de igualdade ós diferentes niveis do ensino, homes e mulleres seguen elixindo asignaturas de estudio distintas, o que condiciona en grande medida a actividade que exercerán e as perspectivas de carreira. Sutherland (1991) afirma que nos programas de estudio de ensino primario dos países desenvolto a diferenciación por sexo é hoxe relativamente reducida, pero a estrutura do ensino secundario si pode fomentala. Aparecen diferencias características nas opcións elixidas por homes e mulleres cando a ensinanza secundaria se imparte en establecementos docentes ou en niveis educativos diferentes, cando se orienta cara ás distintas profesións ou ben cando no programa de estudos se prevén múltiples asignaturas optativas. Todo isto implica xeralmente que as mozas opten polas letras, os idiomas, a formación relacionada coa confección ou cos téxtiles, a distribución ó por menor ou o sector servicios, mentres os mozos se orientan por materias técnicas, ciencias aplicadas ou por unha formación vinculada coa industria. Incluso en disciplinas novas como a tecnoloxía da información ou a informática obsérvase diferenciación por sexos.

Muñoz e outros (1993) tamén advirten que a opcionalidade e a optatividade poderían significar unha clasificación das persoas pola súa orixe social, pertenza cultural ou etnia ou polo xénero. A variable “xénero” sería condicionante da elección das distintas opcións educativas que ofrece o ensino medio, e afirmar que “os alumnos se concentran nas opcións científicotecnolóxicas e as alumnas nas artístico-literarias e de servicios. Unha parte maioritaria da oferta dos centros favoree esta segregación... A cultura da Formación Profesional na área tecnolóxica é claramente a máis sexista” (p.82).

Astin (1981) despois de comparar a educación das mulleres en países tan diversos

² Gimeno e Rocabert (1997) comprobamos como é o factor autoeficacia e interese polas matemáticas o que fundamentalmente está diferenciando ás mulleres de elección non tradicional das mulleres de elección tradicional. As que optan por opcións tradicionais autovalóranse mellor neste tipo de tarefas.

como Estados Unidos, Xapón, Grecia, Australia e Nova Zelandia di que “as barreiras que se opoñen ó progreso educativo das mulleres son similares en tódalas partes” son barreiras non tanto de tipo legal como actitudeais e culturais. As costumes e as actitudes son barreiras psicolóxicas que mediatizan a escolarización feminina. Poderíanse enumerar segundo se sinala nas I Xornadas Muller e Educación (1985) catro barreiras fundamentalmente:

- a) A socialización das nenas para a dependencia e a conformidade.
- b) A escasa preparación das mulleres en matemáticas e ciencias a partir da secundaria (en aqueles países nos que a secundaria ten asignaturas optativas) e nos estudos técnicos superiores.
- c) As discriminacións sutiles, e ás veces explícitas, á entrada das mulleres en certos programas de educación superior.

- d) As expectativas sociais acerca dos roles apropiados e desexables para as mulleres que dan prioridade ó seu futuro de esposa e nai.

***ELECCIÓN DAS OPCIÓNS
ACADÉMICAS DE ENSINO
MEDIO EN GALICIA DESDE
UNHA PERSPECTIVA DE XÉNERO***

Neste apartado, e apartir dos datos que proporciona a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, presentamos unha análise da elección de opcións que mozos e mozas realizan nas distintas alternativas do Ensino Medio que se podían cursar en Galicia durante o curso 1996-1997 (Formación Profesional, Bacharelato Unificado Polivalente e COU e no Bacharelato (LOXSE).

***a) ELECCIÓN DAS OPCIÓN
DA FORMACIÓN PROFESIONAL***

Nas táboas nº 1 e 2 recolleemos os datos dos alumnos e alumnas matriculados en Formación Profesional de primeiro grado (1º curso) na Comunidade Autónoma Galega

Táboa nº 1. Total eleccións de cada opción para homes e mulleres

Opcións	Homes (%)	Mulleres (%)	Total
administrativo/comercial	1788(39.89)	2694(60.10)	4482
agraria	144(76.59)	44(23.40)	188
artes gráficas	83(74.10)	29(25.89)	112
automoción	1106(100)	0(0)	1106
construcción e obras	71(100)	0(0)	71
delineación	329(76.33)	102(23.66)	431
electricidade e electrónica	1758(99.15)	15(0.84)	1773
hostalería e turismo	171(56.06)	134(43.93)	305
madeira	49(100)	0(0)	49
marítimo pesqueira	31(100)	0(0)	31
metal	539(99.63)	2(0.36)	541
moda e confección	3(3.84)	75(96.15)	78
perruquería e estética	51(8.3)	561(91.66)	612
química	21(40.38)	31(59.61)	52
Sanitaria	227(15)	1287(85)	1514
Servicios a comunidade	7(2.4)	284(97.6)	291
Totais	6.279(54,42)	5.258(45,58)	11.537

Táboa nº2. Total eleccións de cada opción para homes e mulleres segundo o tipo de centro.

Opcións	Homes(%)		Mulleres(%)		Total	
	Público	Privado	Público	Privado	Púb.	Priv.
administrativo/comercial	1182(36.95)	507(42.82)	2017(63.05)	677(57.18)	3199	1184
agraria	144(88.89)	0(0)	18(11.11)	26(100)	162	26
artes gráficas	57(72.15)	26(78.79)	22(27.85)	7(21.21)	79	33
automoción	1051(100)	55(100)	0(0)	0(0)	1051	55
construcción e obras	71(100)	-	0(0)	-	71	-
delineación	247(73.08)	82(88.17)	91(26.92)	11(11.83)	338	93
electricidade e electrónica	1477(99.26)	281(98.60)	11(0.74)	4(1.40)	1488	285
hostalería e turismo	171(64.04)	0(0)	96(35.95)	38(100)	267	38
madeira	49(100)	-	0(0)	-	49	-
marítimo-pesqueira	31(100)	-	0(0)	-	31	-
metal	456(99.78)	83(98.8)	1(0.22)	1(1.19)	457	84
moda e confección	3(6.98)	0(0)	40(93.02)	35(100)	43	35
perruquería e estética	50(8068)	1(2.78)	526(91.32)	35(97.22)	576	36
química	21(40.38)	-	31(59.61)	-	52	-
sanitaria	157(15.44)	70(14.08)	860(84.56)	427(85.91)	1017	497
servicios a comunidade	5(4.76)	2(1.07)	100(95.24)	184(98.92)	105	186
Totais	5.172 (44,83)	1.107 (9,60)	3.813 (33,05)	1.445 (12,52)	8.985 (77,88)	2.552 (22,12)

durante o curso académico 96-97, que fan un total de 11.537 suxeitos dos que 6.279 son homes e 5.258 mulleres, así como a súa distribución segundi a titularidade do Centro no que cursan os seus estudos.

De acordo cos datos un 77,88% dos alumnos cursan os seus estudos de Formación Profesional en centros públicos e un 22,12% en centros privados; das 5.258 mulleres o 72'51% cursan os seus estudos en centros públicos mentres o 27'48% restante realizaos ne centros privados. Polo tanto a maioría dos/as estudantes optan polo ensino público especialmente os homes que representan un 57'56% fronte a un 42'43% de mulleres. Estas porcentaxes invértense cando se analizan as eleccións en centros de titularidade privada na que estudian Formación Profesional 2.552 alumnos/as dos que un 43'37% son homes e un 56'62% mulleres.

As ramas escollidas polos homes para cursar os seus estudos de F. P. presentan grande diversidade. Así, os alumnos repártense entre as 16 ramas profesionais sendo as máis elixidas Administrativo-Comercial, Electricidade e Electrónica e Automoción. As mozas, pola súa parte, só están representadas en 12 ramas profesionais correspondendo as maiores porcentaxes a Administrativo-Comercial (51'23%) e Sanitaria (24'47%). As ramas nas que non participan as mullesteseres son: Construcción e Obras, Madeira, Automoción e Marítimo-Pesqueira.

Analizando as eleccións que mozos e mozas realizan tendo como referente o total das eleccións efectuadas en cada rama profesional encontramos que dez son maioritariamente elixidas polos mozos destacándose, como indicábamos anteriormente, que en catro ramas profesionais éstes representan o

100% dos suxeitos. As ramas Metal e Electricidade-Electrónica son eleixidas polos alumnos nun 99,63% e un 99,15% dos casos respectivamente. Outras catro ramas son eleixidas polos rapaces en máis do 50% dos casos (Agraria, Artes Gráficas, Delineación e Hostalería e Turismo).

Con respecto ás alumnas as ramas eleixidas maioritariamente son seis. En tres delas sobrepasan as mulleres o 90% das eleccións (Moda e Confección, Perruquería-estética e Servicios á Comunidade). A rama Sanitaria é eleixida polas mulleres nun 85% dos casos, mentres Química e Administrativo-Comercial teñen unha porcentaxe de mulleres superior ó 50%.

Unha última revisión do total de eleccións de cada opción para homes e mulleres segundo a titularidade do centro lévanos a constatar

que catro ramas profesionais (Construcción e Obras, Madeira, Marítimo-Pesquera e Química) non contan coa oferta privada. En Agraria e Hostalería e Turismo tamén se debe sinalar que inda que son opcións maioritariamente eleixidas polos alumnos estes soen escoller o ensino público para cursalas pois a oferta privada ten unha representación do 100% de alumnas.

b) ELECCIÓNS DAS OPCIÓNS DE BACHARELATO UNIFICADO POLIVALENTE E DO CURSO DE ORIENTACIÓN UNIVERSITARIA

A continuación nas táboas nº 3, 4, 5 e 6 recolleemos os datos dos alumnos e alumnas matriculados en Bacharelato Unificado Polivalente e no Curso de Orientación Universitaria, na Comunidade Autónoma Galega durante o curso académico 96-97.

Táboa nº3. Total eleccións de cada opción de Bacharelato Unificado Polivalente para homes e mulleres segundo o tipo de centro.

Opcións	Homes (%)		Mulleres (%)		Total	
	Público	Privado	Público	Privado	Público	Privado
A	1970 (33,56)	880 (45,88)	3900 (66,44)	1038 (54,12)	5870	1918
B	7519 (48,28)	1524 (53,79)	8054(51,72)	1309 (46,21)	15573	2833
Totais	9.489 (42,25)	2.404 (50,59)	11.954 (55,75)	2.347 (49,41)	21.443 (81,86)	4.751 (18,14)

Táboa nº4. Total eleccións de cada opción de Bacharelato Unificado Polivalente para homes e mulleres.

Opcións	Homes(%)	Mulleres(%)	Total
A	2850(36,6)	4938(63,4)	7788
B	9043(49,13)	9363(50,87)	18406
Totais	11.893(45,40)	14.301(54,57)	26.194

Táboa nº5. Total eleccións de cada opción do Curso de Orientación Universitaria para homes e mulleres segundo o tipo de centro.

Opcións	Homes(%)		Mulleres(%)		Total	
	Público	Privado	Público	Privado	Público	Privado
A	4501 (60,42)	979 (68,85)	2948 (38,58)	443 (31,15)	7449	1422
B	1677 (30,88)	406 (39,15)	3753 (69,12)	631 (60,85)	5430	1037
C	1720 (36,53)	579 (45,66)	2988 (63,47)	689 (54,34)	4708	1188
D	1236 (31,28)	273 (40,32)	2725 (68,72)	404 (59,68)	3951	677
Totais	9.134 (42,39)	2.237 (50,80)	12.414 (57,61)	2.167 (49,20)	21.548 (83,03)	4.404 (16,97)

Táboa nº6. Total eleccións de cada opción do Curso de Orientación Universitaria para homes e mulleres.

Opcións	Homes(%)	Mulleres(%)	Total
A	5480 (61,77)	3391 (38,3)	8871
B	2083 (32,21)	4384 (67,79)	6467
C	2299 (38,47)	3677 (61,53)	5976
D	1509 (32,6)	3119 (69,4)	4628
Totais	11.371 (43,83)	14.571 (56,17)	25.942

Como podemos observar nas táboas anteriores un 81,86% do alumnado de B.U.P. e un 83,03% de C.O.U. está matriculado en centros públicos mentres tan só un 18,14% do alumnado de B.U.P. e un 16,97% de C.O.U. cursan os seus estudos en centros privados. A distribución por sexos revela que no ensino público hai máis mulleres (55,75% no B.U.P. e 50,80% en C.O.U.).

En canto ás opcións elixidas polo alumnado de B.U.P. e C.O.U. obsérvase que todas son escollidas maioritariamente polas alumnas, a excepción da opción Científico-Tecnolóxica (A) de C.O.U. (61,77%). Un

feito significativo desde unha interpretación de xénero é o que se produce na opción B de Terceiro de B.U.P., que sendo unha opción tradicionalmente masculina neste momento ten unha pequena inclinación a ser escollida por mulleres (50,87% das eleccións).

c) ELECCIÓNS DAS OPCIÓNS DE BACHARELATO L.O.X.S.E.

Nas táboas nº 7 e 8 recolleemos os datos dos alumnos e alumnas matriculados en bacharelato L.O.X.S.E. na Comunidade Autónoma Galega durante o curso académico 96-97.

Táboa nº7. Total eleccións de cada opción do Bacharelato L.O.X.S.E. para homes e mulleres segundo o tipo de centro.

Opcións	Homes(%)		Mulleres(%)		Total	
	Público	Privado	Público	Privado	Público	Privado
Artes	30 (40,54)	0(0)	44 (59,46)	0(0)	74	0
Ciencias Natureza e da Saúde	541 (43,81)	16 (51,61)	694 (56,19)	15 (48,39)	1235	31
Humanidades e Ciencias Sociais	437 (34,79)	22 (59,46)	819 (65,21)	15 (40,54)	1256	37
Tecnoloxía	528 (83,01)	23(92)	108 (16,99)	2(8)	636	25
Totais	1.536 (47,99)	61 (61,59)	1.665 (52,01)	32 (34,41)	3.201 (97,18)	93(2,82)

Táboa nº8. Total eleccións de cada opción do Bacharelato L.O.X.S.E. para homes e mulleres.

Opcións	Homes(%)	Mulleres(%)	Total
Artes	30(40,54)	44(59,46)	74
Ciencias Natureza e da Saúde	557(44)	709(56)	1266
Humanidades e Ciencias Sociais	459(35,50)	834(64,50)	1293
Tecnoloxía	551(83,36)	110(16,64)	661
Totais	1.597	1.697(51,52)	3.294

Neste nivel educativo ó igual que no B.U.P. e C.O.U., a maioría do alumnado está matriculado en centros públicos (97,18%). Dos 3.201 alumnos/as que estudian nos centros públicos o 52,01% son mulleres e o 47,99% homes. A representación destes estudos no ensino privado é escasa, tan só 93 alumnos/as, dos que un 65,59% son homes é un 34,41% mulleres.

Analizando as opcións elexidas observamos que as mulleres son maioría en tres das modalidades do Bacharelato; somentes na opción de Tecnoloxía se observa unha diferenza moi acusada a favor dos homes (83,36% fronte a 16,64%)

CONCLUSIÓNS

Despois de efectuar as análises anteriores constatamos que si hai diferencias nas opcións académicas elexidas por alumnos e alumnas tanto no B.U.P e no C.O.U., no bacharelato L.O.X.S.E. como na F.P. Sen dúbida é este nivel educativo, como xa sinalaba Muñoz e outros (1993), o que establece diferencias máis claras para homes e mulleres. Tamén debemos destacar como na estrutura do bacharelato L.O.X.S.E. é a área tecnolóxica, máis próxima ós estudos clásicos de F.P. a que segue ofrecendo esa diferenciación.

As opcións elexidas por mozos e mozas identifícanse claramente cos roles atribuídos ó seu xénero. Na F.P. as ramas maioritariamente escollidas polos rapaces responden ó que os roles profesionais sinalan como propio do seu xénero, de tal xeito que estes inclínanse por opcións como Metal, Electricidade-Electrónica, etc. mentres as mulleres responden, en maior medida, ó que os roles familiares reservan para o seu xénero escollendo, polo tanto, ramas como Moda e Confección, Perruquería-Estética ou Servicios á Comunidade. Nos distintos tipos de Bacharelato e tamén no C.O.U. observamos que a presenza das mulleres e numericamente superior á dos homes, practicamente en tódalas opcións e incluso nunha opción como o Bacharelato de Ciencias tradicional tipicamente masculino, no que no curso pasado a representación feminina foi superior (50,87%). A única opción que é maioritariamente escollida polos homes é a Área Tecnolóxica tanto nos estudos de C.O.U. como nos do Bacharelato L.O.X.S.E.

En resúmen, ó noso entender, as opcións académicas elexidas nas Ensinanzas Medias na Comunidade Autónoma Galega durante o curso académico 96-97 difiren para alumnos e alumnas e identifícanse cos roles tradicionais atribuídos o seu xénero. Desde un punto de vista educativo e, máis concretamente, desde a orientación académico-profesional estes datos parécenos que deben ser vistos como especialmente significativos. Así, entendemos que son necesarias accións encamiñadas a corrixir unha percepción das opcións de estudos, e posteriormente das ocupacións, máis marcadas polos rasgos de xénero que por aspectos estritamente académicos. É, por tanto, necesaria unha orientación non discriminatoria que enfatice aqueles aspectos que sexan necesarios para acceder as profesións, carreiras e oficios nos que na actualidade as mulleres están en minoría.

Os novos plantexamentos da reforma e do noso sistema educativo dótannos dun marco e

duns instrumentos suficientes para traballar en favor da igualdade de oportunidades e para potenciar unha escola na que tódolos individuos teñan as mesmas posibilidades, desaparecendo así as diferencias e procurando que non exista desigualdade por razóns de xénero. Isto leva, sen dúbida, á práctica da coeducación, que encontra nos contidos transversais e, máis concretamente, na *educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos* un vehículo para o seu desenvolvemento efectivo, ó constituir, por un lado, un punto de unión entre a aula e a realidade social e, por outro, ó permitir plantexar a actividade didáctica desde outras perspectivas.

Asumido os postulados do Movemento de Educación para a carreira defendemos a inserción nos curriculos de Ensino Medio (Ensino Secundario, Bacharelato e Formación Profesional) de programas e accións de prevención para que os alumnos e alumnas acaden un bo coñecemento de sí mesmos e das oportunidades que lles brinda o entorno, o que contribuirá a unhas eleccións académico-profesionais máis realistas e onde cada persoa poida escoller coas súas posibilidades reais (personais e/ou situacionais) aqueles estudos e profesións que mellor se adecúen as súas características (interés, aspiracións, valores, expectativas, etc.) deixando por tanto de considerarse os distintos estudos e profesións desde a óptica tradicional de masculino ou feminino.

BIBLIOGRAFÍA

- ARBE, F. (1997) "Orientación para la mujer". En AEOP (Comp.) *La orientación educativa y la intervención psicopedagógica integradas en el curriculum*. Valencia: Asociación Española de Orientación y Psicopedagogía. pp. 347-352
- ASTIN, H. (1981) "Women and Higher education in U.S.A." *Women and Higher education*. Japón: Hiroshima University.

- BRIDGES, J.S. (1988) "Sex differences in occupational performance expectations". *Psychology of Women Quarterly*, 12, pp. 75-90.
- CARDONA ANDÚJAR, J. (1992) "Preferencias vocacionales y nivel de aspiraciones laborales en la adolescencia". *Revista orientación educativa vocacional*. Vol. 5, nº 7. pp. 23-35.
- COSCOJUELA, R e OUTROS (1992) "Estudio sobre la optatividad y la igualdad entre los sexos en la enseñanza secundaria" En Montserrat Moreno *Del silencio a la palabra. Coeducación y reforma educativa*. Madrid: Instituto de la Mujer- Ministerio de Asuntos Sociales.
- CASELLES, J.F. (1991) "Pedagogía diferencial, sexo y educación: el sexismo en el sistema educativo mixto y la coeducación como alternativa". En M.C. Jiménez (Coord.) *Lecturas de Pedagogía Diferencial*. Madrid: Dykinson.
- FUERTES, A. (1996) "Redefinición sexual y de género". En J. Fernández (Coord.) (1996) *Varones y mujeres. Desarrollo de la doble realidad de sexo y género*. Madrid: Pirámide.
- GARCÍA HOZ, V., REPETTO, E e PÉREZ JUSTE, R. (1978) *Pedagogía diferencial*. Madrid: UNED.
- HARING, M.J. e BEYARD-TYLER, K.C. (1984) "Counseling with women: the challenge of non traditional careers". *The School Counselor*, 31, pp. 301-309.
- JAYME, M. e SAU, V. (1996) *Psicología diferencial del sexo y el género*. Barcelona: Icaria.
- LIPS, H.M. (1993) *Sex and gender: An introduction*. Mayfield: Mountain View.
- MAÑERU, A e RUBIO, E (1992). *Transversales. Educación para la Igualdad de Oportunidades entre los Sexos*. Madrid: MEC.
- MOYA, M.C. (1985) "Identidad, roles y estereotipos de género". *Revista de Psicología General y Aplicada*. 42 (3).
- MUÑOZ, E e OUTROS (1993) "Currículum optativo y educación en la diversidad". *Cuadernos de Pedagogía*, 217, pp. 80-83.
- RADL PHILIPP, R. (1994) "La educación de géneros en el contexto de la educación intercultural. En M.A. Santos Rego (Ed) *Teoría y práctica de la educación intercultural*. Barcelona: P.P.U. pp. 157-172.
- REYZABAL, M.V. e SANZ, A.I (1995). *Los ejes transversales. Aprendizajes para la vida*. Madrid:Escuela Española.
- RUBIO, E. e MAÑERU, A. (1989) "El género como categoría de análisis de la Educación". *Revista de Educación* nº 290, pp. 7-20.
- SHERIF, G.W. (1982) "Needed concepts in the study of Gender identity". *Psychology of Women Quarterly*, 6, pp. 375-389.
- SOBRADO FERNÁNDEZ, L.M. (1994) "Orientación educativa para la diversidad cultural: Un programa de intervención". En M.A. Santos Rego (Ed.) *Teoría y práctica de la educación intercultural*. Barcelona: P.P.U. pp. 199-223.
- STICKEL, S.A. e BONETT, R.M. (1991) "Gender differences in Career Self-Efficacy: Combining a Career with home and family". *Journal of College Student Development*, 32, 297-301.
- SUBIRATS, M e BRULLET, C. (1989) "Progresos y prejuicios en la educación no sexista". En *I Jornadas de Educación no sexista de Castilla-La Mancha*. Servicio de Publicaciones de la Junta de Comunidades de Castilla-La Mancha.
- SUTHERLAND, M.B. (1991) "La mujer y la educación: progreso y problemas". *Perspectivas*. Vol. XXI, nº 2, pp. 157-169.
- SUTHERLAND, B.A. (1984) *Characteristic of eleventh grade Pennsylvania female students who evidence nontraditional occupational preferences*. Tesis doctoral inédita. Universidad de Pittsburgh.
- VARIOS (1985) *I Jornadas Mujer y Educación*. Madrid: Ministerio de Cultura/Instituto de la Mujer.
- YUS RAMOS, R. (1997). *Hacia una educación global desde la transversalidad*. Madrid: Anaya.